

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 29 de novembro de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 31 de outubro de 2022.
- \* Aprobación da Oferta de Emprego Público do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2022.
- \* Aprobación da adhesión á Red ANEXXI de universidades, organismos públicos de investigación e outras organizacións científicas e académicas, para realizar traballos científicos e técnicos que conduzan á elaboración e publicación do “Atlas Nacional de España del siglo XXI”.
- \* Aprobación do Manual de Calidade dos Centros da Universidade de Vigo.
- \* Nomeamento dun membro da Comisión de seguimento e avaliación do Plan de Aforro Enerxético:
  - Sector PAS: Carlos Mollinedo Lois.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.